



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DA CORUÑA E DE VIGO, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE DEMOCRATIZACIÓN DO COÑECEMENTO NO EXERCICIO 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coas Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amporen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo para favorecer e permitir o desenvolvemento da oferta educativa do Proxecto de Democratización do Coñecemento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo son institucións públicas dotadas de personalidade xurídica e patrimonio propio, que gozan de autonomía, de acordo coa Constitución e a lei, a quen lles corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Son funcións das universidades ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden con este convenio.





Tendo en conta, por un lado a especificidade dos programas formativos a impartir, o colectivo ao que vai dirixido (maiores de 50 anos) e o ámbito xeográfico de actuación, e por por outra, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ó ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase dixitalmente en Santiago de Compostela

